

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 5 de marzo de 2013, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se convoca e se regula o programa de axudas económicas individuais a galegos residentes no exterior para o exercicio 2013.

Segundo o disposto no Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, en relación coa disposición transitoria terceira do Decreto 243/2012, do 5 de decembro, polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Comunidade Autónoma ao cal lle corresponden, entre outras, as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude, que desenvolve o artigo 7 do Estatuto de autonomía de Galicia, onde se establece o dereito das comunidades galegas de fóra de Galicia a colaborar e compartir a vida social e cultural do pobo galego.

A Xunta de Galicia, en materia de emigración, establece como unha das súas áreas de actuación prioritaria a asistencia sociosanitaria digna para todos os galegos e galegas residentes no exterior, mediante, entre outros, o programa de axudas económicas individuais, que teñen como obxectivo contribuir a paliar a carencia de medios económicos para poder afrontar as necesidades básicas de subsistencia e atención sociosanitaria.

O Estatuto da cidadanía española no exterior, aprobado mediante a Lei 40/2006, do 14 de decembro, que se configura como o marco xurídico que lles garante aos cidadáns residentes no exterior o exercicio dos seus dereitos e deberes constitucionais, establece no seu artigo 5 a asistencia e protección por parte da Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, no marco das súas respectivas competencias, daqueles cidadáns residentes no exterior que se encontren en situación de necesidade.

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Emigración, pretende, nunha actuación coordinada co Estado español, a consolidación dunha política de atención e protección aos galegos residentes no exterior que se encontren en situación de necesidade, coa finalidade de garantirlles a estes cidadáns o exercicio dos seus dereitos e deberes constitucionais e estatutarios en termos de igualdade cos españois residentes en Galicia.

En consecuencia, convén realizar unha convocatoria de axudas para atender estas situacións, que se tramitará na modalidade de concorrencia non competitiva, prevista no



artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establecendo uns requisitos e criterios básicos nos cales se fundamenten as resolucións sobre as peticións que se reciban, de tal xeito que garantan a súa obxectividade e non se xeren expectativas que non poidan ser satisfeitas por razón da propia índole da convocatoria, das situacións a que se pretende dar cobertura e das propias limitacións dos créditos a ela destinados.

Así mesmo, ao teren estas axudas un carácter marcadamente social e humanitario, dirixidas a persoas sen recursos e que se conceden en atención a ter acreditada, previamente á súa concesión, tal situación, cómpre aplicar o disposto no artigo 28.9 da mencionada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na fase de xustificación, sen prexuízo de poder establecer os controis necesarios para verificar o cumprimento das obrigas e a existencia de tal situación.

A disposición adicional segunda do Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, des-concentra no secretario xeral da Emigración a facultade para a aprobación das bases, a convocatoria e a resolución das axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia.

En virtude do exposto e de conformidade co que se dispón na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, naqueles preceptos que sexan básicos; na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na normativa que a desenvolve,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto*

O obxecto desta resolución é a convocatoria do programa de axudas económicas individuais e de carácter social para o ano 2013 en réxime de concorrencia non competitiva e as bases que o rexen.

Vai dirixido aos emigrantes de orixe galega que posúan a nacionalidade española e a determinados familiares, residentes no estranxeiro, que se encontren en situación de precariedade económica. Estas axudas están destinadas a cubrir necesidades básicas de subsistencia e a atención sociosanitaria.



Artigo 2. *Convocatoria e prazo de presentación das solicitudes*

1. Convócanse axudas económicas individuais a emigrantes galegos e a determinados familiares para o exercicio económico de 2013, de carácter individual, extraordinario e non periódico.

2. O prazo de presentación de solicitudes será de 40 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se o día de remate do prazo de presentación de solicitudes non fose un día hábil, considerarase como último día do prazo o primeiro día hábil seguinte.

Artigo 3. *Financiamento*

As axudas precisas para a realización deste programa concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.480.0.-Accións de política migratoria dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2013. O crédito inicialmente outorgado para esta finalidade é de dous millóns de euros (2.000.000 €).

O crédito asignado ao suposto do artigo 4 das bases reguladoras será de oitocentos setenta mil euros (870.000 €). O crédito asignado aos supostos dos artigos 5, 6, 7, 8, 9 e 10 das bases será dun millón cento trinta mil euros (1.130.000 €). De non cubrirse un dos créditos anteriores, poderá asignarse a contía sobrante ao outro crédito.

O total das axudas concedidas a un mesmo país destinado a financiar a correspondente convocatoria non poderá superar o 70 % do orzamento. Este límite podería aumentar no caso de que sobrase crédito orzamentario nos restantes países.

Os créditos iniciais poderán ser ampliados en función do previsto no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Este incremento do crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou mesmo programa, ou derivadas dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito ou no suposto previsto no artigo 25.3 do citado decreto.

Artigo 4. *Contía das axudas*

Á vista dos informes de valoración efectuada, establecerase a contía da axuda, que nos países que teñan asinados convenios en materia de seguridade social co Estado español



estar limitada cunha cota inferior de 350 € e unha cota superior de 800 €, e nos países que non teñan asinados convenios en materia de seguridade social co Estado español, unha cota inferior de 150 € e unha cota superior de 400 €.

Así mesmo, se o número de solicitudes admitidas fose tal que nos países que teñan asinados convenios en materia de seguridade social co Estado español a contía individual por axuda resultase inferior a 350 €, denegaríanse aquelas solicitudes correspondentes ás persoas de menos idade ata acadar o dito mínimo de 350 €. Na mesma situación, no caso dos países que non teñan asinados convenios en materia de seguridade social co Estado español, se a contía individual por axuda resultase inferior a 150 €, denegaríanse aquelas solicitudes correspondentes ás persoas de menos idade que solicitasen a axuda polo suposto do artigo 4 das bases reguladoras da Resolución do 30 de decembro de 2011, da Secretaría Xeral da Emigración (axudas por encontrarse a unidade familiar en situación de precariedade), ata acadar o dito mínimo de 150 €.

Artigo 5. *Recursos*

Contra esta resolución cabe interpor potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderá interporse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2013

Antonio Rodríguez Miranda
Secretario xeral da Emigración

ANEXO I **Bases reguladoras**

Artigo 1. *Obxecto*

O obxecto destas bases é regular a concesión de axudas económicas individuais e de carácter social dirixidas aos emigrantes de nacionalidade española e de orixe galega e a



determinados familiares, residentes nos países do estranxeiro establecidos no artigo 3.2 destas bases, que se encontren en situación de precariedade económica. Están destinadas a cubrir as necesidades básicas de subsistencia e atención sociosanitaria.

Artigo 2. *Beneficiarios*

Poderán ser beneficiarios destas axudas:

1. Os emigrantes galegos e os seus fillos, maiores de 18 anos, que posúan a condición de galegos residentes no exterior, de acordo co establecido no número seguinte deste artigo, e que o acrediten segundo o establecido no artigo 14 destas bases.

Para os efectos da presente convocatoria, terán a condición de galegos residentes no exterior aqueles emigrantes que naceron en Galicia ou ben acrediten ter residido en Galicia de forma continuada durante dez anos con nacionalidade española, así como tamén os seus fillos maiores de dezoito anos que teñan nacionalidade española e que se encontren vinculados con calquera concello galego no censo electoral de residentes no exterior.

2. Os netos de emigrantes galegos, maiores de 18 anos, que teñan a condición de galegos residentes no exterior, que teñan nacionalidade española, que se encontren vinculados con calquera concello galego no censo electoral de residentes no exterior e que acrediten un ano de residencia continuada en Galicia.

3. No caso de falecemento das persoas indicadas nos números 1 e 2, poderán ser beneficiarios por unha única vez das axudas previstas no artigo 5 destas bases o seu cónxuxe viúvo, os fillos, a parella de feito ou relación análoga, sempre e cando non transcorresen máis de quince meses desde o falecemento.

Artigo 3. *Requisitos xerais dos solicitantes*

Poderán solicitar estas axudas as persoas que cumpran e acrediten documentalmente os requisitos xerais que a continuación se sinalan:

1. Acreditar a condición de beneficiarios de acordo co que se dispón no artigo 2 destas bases.

2. Residir nun país do estranxeiro en que o Estado español teña fixada unha base de cálculo para a prestación económica por anciandade no ano anterior ao da convocatoria.



3. Carecer de rendas, ingresos ou patrimonio suficientes.

a) Considerarase que existen rendas ou ingresos insuficientes cando aqueles de que dispoña o interesado ou se prevexa que vai dispor en cómputo anual sexan iguais ou inferiores á base de cálculo da prestación económica por anciandade establecida polo Estado para o país de residencia (sen prexuízo das contías específicas dos artigos 4 e 10.2 das bases), nas contías que se determinen para o exercicio do ano en que se convocan estas axudas.

Malia o disposto no parágrafo anterior, se o solicitante carece de rendas ou ingresos suficientes segundo o previsto nel, pero convive con outra ou outras persoas nunha mesma unidade económica familiar, a contía anterior virá determinada pola suma do límite máximo de ingresos persoais máis o resultado de multiplicar o 70 % da dita cifra polo número dos que convivan menos un.

Para os efectos do establecido neste punto, consideraranse rendas ou ingresos computables todo tipo de rendas, mesmo as axudas públicas ou privadas, os bens ou dereitos de que dispoña anualmente o beneficiario ou a unidade económica familiar, derivados tanto do traballo como do capital, así como calquera outro substitutivo daqueles.

b) Considerarase que existe patrimonio mobiliario suficiente cando existan bens mobles na unidade económica familiar cun valor superior á base de cálculo da prestación económica por anciandade en cómputo anual. Así mesmo, considerarase que existe patrimonio inmobiliario suficiente cando o valor patrimonial ou equivalente dos inmobles na unidade económica familiar, agás a vivenda habitual, supere en 2,5 veces a base de cálculo da prestación económica por anciandade en cómputo anual.

4. Non pertencer a organizacións, comunidades ou institucións que polas súas regras ou estatutos estean obrigadas a prestarlles asistencia.

5. Ademais dos requisitos anteriores, en cada un dos supostos de axuda prevista nos seguintes artigos os solicitantes terán que cumprir os requisitos específicos que se sinalen en cada un deles, tendo en conta que todos os requisitos se deberán cumprir na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

6. Entenderase como unidade económica familiar a integrada polo solicitante e, de ser o caso, o seu cónxuxe, parella de feito ou relación análoga, así como os fillos e parentes por consanguinidade, afinidade ou adopción ata o segundo grao sempre que convivan co solicitante.



Artigo 4. *Axudas por encontrarse a unidade familiar en situación de precariedade*

Poderán solicitar as axudas deste suposto as persoas que cumpran os requisitos xerais previstos no artigo 3 destas bases e nos específicos seguintes:

1. Ter 70 anos cumpridos.

2. Ter ingresos por calquera concepto da unidade económica familiar inferiores ao 25 % da base de cálculo da prestación económica por anciandade establecida polo Estado para 2012 para o país de residencia, computándose os ingresos na forma establecida no artigo 3.3.a).

3. Residir nun país iberoamericano con que o Estado español non teña asinados convenios bilaterais en materia de seguridade social.

Artigo 5. *Axudas por situación de dependencia ou enfermidade grave do solicitante*

Poderán solicitar as axudas deste suposto as persoas que cumpran os requisitos xerais previstos no artigo 3 destas bases e se encontren nalgún dos seguintes supostos:

a) Encontrarse o/a solicitante en situación de dependencia que faga necesarios coidados e asistencia por parte dunha terceira persoa.

Entenderase por situación de dependencia o estado de carácter permanente en que se encontran as persoas que, por razóns derivadas da idade, enfermidade ou discapacidade e ligadas á falla ou perda de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisan da atención doutra ou doutras persoas ou axudas importantes para realizar as actividades básicas da vida diaria ou, no caso das persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental, doutros apoios para a súa autonomía persoal.

As actividades básicas da vida diaria son as tarefas máis elementais da persoa que lle permiten desenvolverse cun mínimo de autonomía e independencia e que están referidas ao coidado persoal, aos labores domésticos básicos, á mobilidade esencial e ás funcións básicas mentais ou intelectuais.

b) Padecer o/a solicitante unha enfermidade grave e carecer da correspondente cobertura para o seu tratamento ou atención médica.



Artigo 6. *Axudas por situación de dependencia ou enfermidade moi grave no seo da unidade familiar*

Poderán solicitar as axudas deste suposto as persoas que cumpran os requisitos xerais previstos no artigo 3 destas bases e estar o seu cónxuxe ou persoa con quen manteña unha unión de feito ou relación análoga, ou os seus fillos, nunha das seguintes situacións:

a) Encontrarse en situación de dependencia que faga necesarios coidados e asistencia por parte dunha terceira persoa.

b) Padecer unha enfermidade moi grave e carecer da correspondente cobertura para o seu tratamento ou atención médica.

Artigo 7. *Axudas por invalidez ou enfermidade permanente*

Poderán solicitar as axudas deste suposto as persoas que cumpran os requisitos xerais previstos no artigo 3 destas bases e aqueles específicos que se sinalan a continuación:

1. Ser maior de 18 anos e menor de 65.

2. Encontrarse o/a solicitante en situación de invalidez ou enfermidade permanente que o/a incapacite para o desenvolvemento de calquera tipo de actividade laboral.

Artigo 8. *Axudas para a cobertura de medicamentos e tratamentos de enfermidades crónicas ou graves cando teñan un custo elevado*

Poderán solicitar as axudas deste suposto as persoas que cumpran os requisitos xerais previstos no artigo 3 destas bases e aqueles específicos que se sinalan a continuación:

1. Ter cumpridos 65 anos.

2. Padecer unha enfermidade crónica ou grave que requira dunha medicación ou tratamento de custo elevado e carezan da correspondente cobertura. Entenderase que o custo é elevado cando as cantidades destinadas a eses fins ascendan polo menos a un 6 % da base de cálculo da prestación económica por anciandade establecida polo Estado español para o país de residencia, nas contías que se determinen para o exercicio do ano en que se convocan estas axudas, en cómputo mensual. O custo dos medicamentos será



o efectivamente aboado, unha vez deducidos os descontos a que tivese dereito. Entre os gastos derivados do tratamento da enfermidade crónica ou grave poderanse engadir, de ser o caso, os de copagamento de actos médicos.

Artigo 9. Axudas para as mulleres que sufran violencia de xénero

Poderán solicitar as axudas deste suposto as mulleres que cumpran os requisitos xerais previstos no artigo 3 destas bases e aqueles específicos que se sinalan a continuación:

1. Ser maior de idade ou emancipada.
2. Sufrir unha situación de violencia de xénero acreditada no ano anterior ao da convocatoria.

Artigo 10. Axudas para paliar unha situación de desemprego na unidade económica familiar

Poderán solicitar as axudas deste suposto as persoas que se encontren en situación legal de desemprego e que cumpran os requisitos xerais previstos no artigo 3 destas bases e aqueles específicos que se sinalan a continuación:

1. Ser maior de 50 anos e menor de 65.
2. Que os ingresos por calquera concepto da unidade económica familiar non superen a metade da base de cálculo da prestación económica por anciandade establecida polo Estado no país de residencia para o exercicio en que se publica a convocatoria, computándose os ingresos do xeito establecido no artigo 3.3.a) destas bases.

Artigo 11. Réxime de concesión

O importe das axudas estará condicionado polo orzamento previsto na correspondente convocatoria anual na cal se recollerán os límites que se aplicarán no caso de variaren os previstos nestas bases.

1. As solicitudes presentadas conforme o artigo 4 das bases, axudas por encontrarse a unidade económica familiar en situación de precariedade en países iberoamericanos en que o Estado español non teña asinados convenios en materia de seguridade social, tramitaranse na modalidade de concorrencia non competitiva, segundo o previsto no artigo 19.2



da citada Lei 9/2007, tendo en conta as especiais características destas axudas, así como a dificultade obxectiva de realizar unha comparación ou prelación das solicitudes presentadas. O importe fixarase en función do número de solicitudes e das dispoñibilidades orzamentarias e non poderá superar o contía mínima das axudas que se concederán no resto dos supostos previstos nestas bases, de conformidade co establecido no artigo 19.3 da citada Lei 9/2007.

2. O réxime de concesión das axudas económicas nos supostos previstos nos artigos 5, 6, 7, 8, 9 e 10 destas bases que rexen a convocatoria, tendo en conta as especiais características destas axudas, tramitaranse igualmente polo procedemento de concorrencia non competitiva previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, ben que nestes supostos o importe da axuda se outorgará en función da puntuación obtida ao aplicar os criterios de valoración establecidos no artigo 17 das bases reguladoras.

O importe da axuda estará en función da avaliación obtida en aplicación dos criterios establecidos no artigo 17, tendo en conta a gravidade do suposto polo cal se solicita, e ordenaranse en orde decrecente segundo os artigos correspondentes a cada suposto tal e como se sinala a continuación: 9, 5, 7, 8, 10, 6 e 4. A distribución da puntuación será proporcional e establecerase unha orde de maior a menor en cada suposto e segundo a prelación de cada un deles. O importe da axuda será fixado en relación coa puntuación obtida de forma que, a máis puntuación, maior será a contía da axuda.

Artigo 12. *Natureza das axudas*

1. As axudas teñen carácter persoal e intransferible. As axudas non orixinan ningún dereito subxectivo para os beneficiarios e estarán, en todo caso, condicionadas ás dispoñibilidades orzamentarias do exercicio correspondente previstas para esta finalidade.

No suposto de que, unha vez ditada a resolución de concesión das axudas, o/a beneficiario/a falecese, terán dereito á súa percepción as persoas que acrediten, de acordo coa normativa do país de residencia, a súa condición de herdeiros/as.

2. Soamente se poderá conceder unha axuda por feito causante. As axudas previstas nos artigos 4 e 10 destas bases son incompatibles coa solicitude de axudas por outro suposto na mesma unidade económica familiar.

A axuda que se conceda corresponderá co suposto de maior gravidade, de ser da mesma gravidade coa de maior puntuación, e de ser esta a mesma, co solicitante de maior idade.



3. Cada solicitante soamente poderá pedir unha axuda por un único suposto. De presentarse máis dunha solicitude, entenderase como válida a presentada en primeiro lugar, segundo o asento de rexistro correspondente.

4. Cando nunha mesma unidade económica familiar concorra máis dun beneficiario, a contía das axudas será minorada nun 70 %, agás a do suposto de maior gravidade. No caso de ser o mesmo suposto, minorarase a de menor puntuación e, de ser a mesma, a de menor idade.

Cando o solicitante resida nun centro asistencial ou similar, a contía máxima da axuda non superará a diferenza entre o custo do centro e os ingresos acreditados polo solicitante. En todo caso, non superará o importe previsto na convocatoria.

Artigo 13. *Competencia e instrución*

1. A competencia para resolver as solicitudes de axudas presentadas ao abeiro desta resolución correspóndelle ao secretario xeral da Emigración.

2. O órgano instrutor será a Subdirección Xeral de Programas Sociais. Os expedientes serán avaliados por un órgano colexiado, que emitirá o correspondente informe en que se concrete o resultado da avaliación. O dito órgano colexiado estará formado por tres funcionarios/as da Secretaría Xeral da Emigración.

3. Para as solicitudes presentadas en Arxentina e Uruguai crearanse comisións de avaliación presididas polos delegados da Xunta de Galicia en Buenos Aires e Montevideo, respectivamente. Para as solicitudes presentadas en Brasil, Cuba e Venezuela poderanse crear comisións de avaliación presididas por un funcionario técnico da Secretaría Xeral da Emigración. Estas comisións estarán compostas por técnicos das delegacións e, se é o caso, por membros dos centros galegos de cada país como representantes das comunidades galegas coñecedores da realidade social en que residen, viven e se desenvolven os solicitantes. Estas comisións avaliarán as solicitudes presentadas tendo en conta o previsto nas bases reguladoras.

4. Os expedientes que non fosen avaliados polas comisións mencionadas no artigo 13.3 serán avaliados pola comisión de avaliación indicada no artigo 13.2, tendo en conta o previsto nas bases reguladoras.



5. Se algunha das comisións de avaliación citadas así o estimase, poderá encargar informes socioambientais, que realizarán profesionais titulados que comprobren a veracidade dos datos achegados nas solicitudes, e os resultados obtidos deberán ser tidos en conta na avaliación das correspondentes solicitudes.

6. Os expedientes serán avaliados polas comisións segundo os criterios de valoración establecidos nestas bases para os distintos programas. Posteriormente, o órgano instrutor a que se refire o punto 2 deste artigo, elaborará as propostas de concesión que se elevarán por parte do órgano instrutor ao/á secretario/a xeral da Emigración, para a súa resolución.

Artigo 14. Acreditación da condición de galego residente no exterior

A condición de galego residente no exterior deberá acreditarse mediante a presentación da seguinte documentación:

a) A nacionalidade española mediante o pasaporte español en vigor, o certificado de inscrición no Rexistro de Matrícula Consular ou outro documento xustificativo que acredite a nacionalidade española. No documento presentado debe constar a dilixencia de inscrición no Rexistro de Matrícula Consular, agás en casos de imposibilidade de obtención.

b) A orixe galega xustificarse mediante calquera documento oficial que acredite un dos dous requisitos seguintes:

1. Nacer en Galicia ou que a última veciñanza administrativa en España fose en Galicia de forma continuada durante dez anos.

2. Que se encontre vinculado con calquera concello galego no censo electoral de residentes no exterior e sexa descendente ata o segundo grao de consanguinidade dunha das persoas descritas no número 1 da letra b). A vinculación cun concello galego no censo de residentes no exterior non se exixirá no caso de que o/a solicitante/a estea incapacitado legalmente, sempre que a dita incapacidade impida a inscrición no dito censo.

Artigo 15. Documentación e lugar de presentación de solicitudes

1. Todos os solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

a) Solicitud segundo o modelo normalizado do anexo II desta resolución. No caso de que o solicitante estea incapacitado, a solicitud farase a nome do incapacitado e asinaráa o seu representante legal.



No modelo da solicitude inclúese unha declaración do conxunto de todas as solicitudes de axuda efectuada, con expresión das que foron concedidas polas distintas administracións públicas competentes.

b) Documentación acreditativa da identidade e nacionalidade:

Os solicitantes que posúan a nacionalidade española e estean en posesión do DNI poderán prestar o seu consentimento expreso para que a Secretaría Xeral da Emigración comprobe por medio de acceso electrónico a verificación dos seus datos de identidade, segundo o modelo que consta na propia solicitude. Para o caso de que non presten este consentimento deberán presentar fotocopia do DNI.

Para o resto, fotocopia do pasaporte español ou documento acreditativo da identidade e nacionalidade en que consten os seus datos persoais. Para todos, acreditación documental da condición de galego residente no exterior, de acordo co artigo anterior.

c) Para os casos mencionados nos puntos 1 e 2 do artigo 2, xustificación oficial da residencia en Galicia.

d) Documentación que acredite a convivencia familiar, se é o caso.

e) Libro de familia, se procede. No seu defecto, achegarase documentación xustificativa do matrimonio, da unión de feito ou relación análoga e do nacemento do resto de membros da unidade familiar. As relacións maritais análogas ao matrimonio terán que acreditar que levan convivindo polo menos un ano, e tal circunstancia poderase probar por medio da inscrición no rexistro ou documento público. No caso de teren fillos en común abondará con acreditar a convivencia, segundo o que se establece na Lei 2/2006, de dereito civil de Galicia.

f) No caso de separación legal ou divorcio, anexarase a correspondente sentenza xudicial firme ou certificación rexistral.

g) Nos países en que exista obriga de presentar declaración da renda das persoas físicas ou declaración similar, copia da última declaración presentada do interesado e/ou os membros da unidade económica familiar. No caso de que non estivesen obrigados a realizala, xustificación oficial desta circunstancia, nos países en que se expida, e certificación ou xustificante acreditativo dos ingresos, rendas ou pensións de calquera natureza que perciba o interesado e/ou os membros da unidade económica familiar ou, de



non percibirse, declaración responsable do solicitante de que ningún membro da unidade económica familiar, incluído o interesado, percibe ingresos, rendas ou pensión de calquera natureza.

h) Nos países en que non exista obriga de presentar declaración da renda das persoas físicas ou declaración similar, certificación ou xustificante acreditativo dos ingresos, rendas ou pensións de calquera natureza que perciba o interesado e/ou os membros da unidade económica familiar ou, de non se percibilos, declaración responsable do solicitante de que ningún membro da unidade económica familiar, incluído o interesado, percibe ingresos, rendas ou pensións de calquera natureza.

i) No caso de residir o solicitante nun centro asistencial ou similar, deberá presentar xustificante do custo mensual do dito centro.

j) Certificado catastral ou documentación similar en que conste o valor patrimonial dos bens inmoables, agás a vivenda habitual, de que dispoñan os membros da unidade económica familiar.

De non existir no país de residencia a posibilidade de expedición do dito certificado catastral, abondará con presentar unha declaración responsable en que conste o valor patrimonial dos bens inmoables, agás a vivenda habitual, de que dispoñan os membros da unidade económica familiar.

k) Declaración responsable, asinada polo/a beneficiario/a da axuda, de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesorería Xeral da Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o modelo do anexo II da resolución desta convocatoria de axudas. Isto en aplicación do artigo 11.h) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

l) Certificado oficial de defunción, no suposto de que o solicitante de axuda sexa unha das persoas previstas no artigo 2.3 das bases reguladoras.

m) Outros documentos xustificativos do estado de necesidade que fundamenten a solicitude de axuda, completen e faciliten a gradación do estado de necesidade.



2. Os solicitantes que fosen beneficiarios do programa de axudas económicas individuais a galegos residentes no exterior para o exercicio de 2012, convocada pola Resolución da Secretaría Xeral da Emigración do 30 de decembro de 2011, non terán que presentar a documentación establecida nos parágrafos b), d), e) e f), sempre que presenten a declaración xurada que figura como anexo III desta resolución.

3. Ademais, para cada caso concreto, deberán achegar a seguinte documentación:

3.1. Para os casos de dependencia ou enfermidade grave descritas nos artigos 5 e 6, documento oficial en que se acredite o recoñecemento da dependencia ou enfermidade grave, emitido polo sistema público do país de residencia.

Nos países en que este documento non se expedise, certificado médico, segundo modelo normalizado do anexo IV, realizado polos servizos médicos dunha sociedade galega ou española que preste servizos na área de saúde. Cando o certificado médico anterior non poida ser expedido pola sociedade galega ou española aludida, poderá admitirse como válido un certificado médico expedido por calquera centro de saúde pública oficial (centros médicos nacionais, provinciais ou municipais) do país de residencia, preferentemente referendado pola dirección médica das ditas sociedades galegas ou españolas, naqueles lugares en que estas existan. Será causa de exclusión a presentación de certificados médicos en modelos distintos ao normalizado do anexo IV.

3.2. Para os casos de invalidez ou enfermidade permanente previstos no artigo 7, documento oficial en que se acredite o recoñecemento da invalidez ou enfermidade permanente, emitido polo sistema público do país de residencia.

Nos países en que este documento non se expedise, certificado médico segundo o modelo normalizado do anexo V nos mesmos termos que os descritos no punto anterior.

3.3. Para os casos de cobertura de medicamentos e tratamento de enfermidades crónicas ou graves previstos no artigo 8:

a) Certificado médico, segundo o modelo normalizado do anexo VI, nos mesmos termos que o descrito no punto 3.1 deste artigo.

b) Xustificación dos gastos mensuais en medicamentos efectivamente aboados polo solicitante, no modelo normalizado do anexo VII conforme as prescricións médicas esta-



blecidas no certificado indicado na letra a) e, de ser o caso, xustificación dos outros gastos mensuais efectuados no tratamento da enfermidade.

3.4. Para os casos de violencia de xénero do artigo 9, acreditación de sufrir a situación de violencia de xénero mediante sentenza, orde xudicial de protección, informe do Ministerio Fiscal ou informe socioambiental emitido por organismo oficial.

3.5. Para os casos de desemprego na unidade familiar previsto no artigo 10, xustificantes da situación de desemprego, coa indicación de se é subsidiado ou non, do cabeza de familia e do resto dos membros que compoñen a unidade familiar e que estean nesa situación.

4. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, a Secretaría Xeral da Emigración requirirá o interesado para que, nun prazo máximo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se entenderá por desistida a súa petición, de conformidade co que se dispón no artigo 71 da Lei 30/1992, de réxime xurídico da administracións públicas e do procedemento administrativo común, logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 42 da citada lei.

5. A falsidade ou ocultación de datos na documentación presentada para a obtención da axuda comportará a exclusión do proceso de valoración e, polo tanto, a imposibilidade de ser beneficiario das axudas establecidas nesta resolución.

6. Lugar de presentación das solicitudes.

1. De acordo co establecido no Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, e a Orde do 15 de setembro de 2011, as persoas interesadas poderán presentar electronicamente as solicitudes na sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo electrónico <https://sede.xunta.es>

A documentación complementaria poderá presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante, carecendo do carácter de copia auténtica. A Administración, en calquera momento da tramitación do procedemento, poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2

CVE-DOG: q5q5sg71-kar1-qjn1-g2d6-qcyw1w13o97



da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e do artigo 22.3 do citado Decreto 198/2010. A achega de tales copias implica a autorización á Administración para que acceda e trate a información persoal contida nos correspondentes documentos.

Os/as interesados/as que non posúan certificado dixital e así o desexen poderán dirixirse ás entidades colaboradoras que se indican a continuación, nas cales existen persoas habilitadas para o efecto, para a presentación electrónica das súas solicitudes:

- En Brasil:
 - Peña Galega da Casa de España de Río de Janeiro.
 - Real Sociedade Española de Beneficencia de Salvador-Baía.
 - Sociedade Hispano-Brasileira de Socorros Mutuos e Instrucións de São Paulo.
 - Sociedade de Socorros Mutuos e Beneficencia Rosalía de Castro en Santos.
- En Cuba:
 - Federación de Sociedades Galegas en La Habana.
- En Venezuela:
 - Hermandad Gallega de Venezuela en Caracas.

A utilización desta vía requirirá unha autorización que o/a interesado/a lle outorga á entidade colaboradora para que remita a súa solicitude vía electrónica. Esa autorización farase constar no modelo de solicitude.

2. Igualmente, as solicitudes poderán presentarse, xunto co resto da documentación, na Secretaría Xeral da Emigración (rúa dos Basquiños, 2, 15704 Santiago de Compostela) ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Poderanse presentar nas delegacións da Xunta de Galicia en Bos Aires e Montevideo, nas oficinas consulares, así como nos consulados ou seccións consulares das embaixadas correspondentes ao domicilio ou residencia do solicitante.



3. Os modelos normalizados de solicitude poderán obterse nas páxinas web:

<https://sede.xunta.es> e <http://emigracion.xunta.es>

Artigo 16. *Tramitación*

O procedemento para a tramitación e concesión das axudas que se convocan nesta resolución axustarase ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento que a desenvolve, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 17. *Criterios de valoración*

Os criterios de valoración para o outorgamento das axudas serán os que se sinalan a continuación, tendo en conta que a distribución da puntuación será proporcional, establecéndose unha orde de maior a menor en cada suposto e segundo a prelación de cada un deles establecida no artigo 11.

1. Para os supostos dos artigos 5 e 6:

a) Grao de dependencia de terceiros/gravidade da enfermidade: de 1 a 4 puntos.

b) Ingresos económicos e patrimonio: de 1 a 3 puntos.

c) Idade do solicitante: de 1 a 2 puntos.

2. Para o suposto do artigo 7:

a) Grao de autonomía: de 1 a 4 puntos.

b) Ingresos económicos e patrimonio: de 1 a 3 puntos.

c) Idade do/da solicitante: de 1 a 2 puntos.

3. Para o suposto do artigo 8:

a) Gasto farmacéutico: de 1 a 4 puntos.



b) Ingresos económicos e patrimonio: de 1 a 3 puntos.

c) Idade do solicitante: de 1 a 2 puntos.

4. Para o suposto do artigo 9:

a) Cargas familiares do/a solicitante, considerándose para tal fin os menores de 24 anos ou maiores desta idade discapitados que dependan economicamente do/da solicitante: de 1 a 4 puntos.

b) Ingresos económicos e patrimonio de que dispón o/a solicitante: de 1 a 3 puntos.

c) Idade do/da solicitante: de 1 a 2 puntos.

5. Para o suposto do artigo 10:

a) Cargas familiares da unidade económica familiar, considerándose para tal fin os menores de 24 anos ou maiores desta idade discapitados que dependan economicamente do/da solicitante: de 1 a 4 puntos.

b) Ingresos económicos e patrimonio de que dispón o/a solicitante: de 1 a 3 puntos.

c) Idade do/a solicitante: de 1 a 2 puntos.

Artigo 18. *Resolución. Modificación da resolución de concesión. Pagamento e reintegro*

1. As resolucións seranlles notificadas aos interesados e deberán ser sempre motivadas.

O prazo máximo para resolver será de seis meses desde a publicación no DOG desta convocatoria. Transcorrido o dito prazo sen que se ditasen as resolucións expresas, poderán entenderse desestimadas as solicitudes, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Os beneficiarios das axudas quedan obrigados a comunicarlle á Secretaría Xeral da Emigración, no momento en que se produza, calquera alteración dos requisitos exixidos na convocatoria ou de circunstancias sobrevidas que impidan ou dificulten a execución das



accións para as cales se solicitou a axuda, e a secretaría poderá adoptar a resolución de modificación da concesión ou de revogación que corresponda.

3. A contía das axudas concedidas aboaráselles aos beneficiarios nun pagamento único, unha vez notificada a resolución de concesión. A Administración non se fai responsable da imposibilidade de efectuar o pagamento por causas imputables aos solicitantes.

4. Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de mora debidos desde o momento en que se efectúe o pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia. De acordo co artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se minorará ou reintegrará serán os seguintes:

– O incumprimento total dos fins para os cales se concede a subvención ou o da realización dos gastos subvencionables dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.

– Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os cales se concedeu a axuda da realización dos gastos subvencionables e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado.

Artigo 19. *Deberes dos beneficiarios*

Os beneficiarios de axudas e subvencións correspondentes aos programas convocados por esta resolución quedan obrigados a someterse aos requisitos legais e regulamentarios que preveña a normativa xeral de aplicación ás axudas e subvencións da Xunta de Galicia, así como ás actuacións de comprobación que respecto da xestión de fondos pode efectuar a entidade concedente e ás de control financeiro que realice a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e aos procedementos fiscalizadores do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

De conformidade coa Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe, e co disposto no artigo 9.4 do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e de conformidade co artigo 13.6 da Lei 4/2006, do



30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, non se procederá á publicidade destas axudas na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración <http://emigracion.xunta.es> e no *Diario Oficial de Galicia*, nin a relación de beneficiarios nin o importe das axudas concedidas, porque a súa publicación podería ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e intimidade persoal e familiar dos solicitantes.

Os datos persoais recollidos en virtude desta convocatoria serán obxecto de tratamento por parte da Secretaria Xeral da Emigración e serán incorporados a un ficheiro que cumpra as exixencias da Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e adoptaranse tanto as medidas de seguridade técnica como organizativas. A finalidade de recollida dos datos será o rexistro, estudo e avaliación das axudas convocadas nesta resolución, co fin de exercer as competencias propias da Secretaría Xeral da Emigración.

O solicitante autoriza expresamente a Secretaría Xeral da Emigración, no ámbito das súas competencias, a ceder os datos persoais a aqueles organismos da Administración xeral do Estado con competencias xerais na materia, co fin de colaborar no exercicio das funcións que lle sexan propias.

O interesado, así como o seu representante legal, poderán exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito e achegando identificación suficiente ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral da Emigración, rúa Basquiños 2, 15704 Santiago de Compostela, A Coruña.

Artigo 20. *Recursos*

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpor potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da relación de beneficiarios/as, se esta for expresa, ou no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto.

Así mesmo, poderán interpor recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da relación de beneficiarios/as, se esta for expresa, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.





XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Emigración

ANEXO II

| | | |
|--|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO AXUDAS ECONÓMICAS INDIVIDUAIS (ANEXO II/2013) | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR925A | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|--|---|--------------------------------|

| | | |
|--------------------------------|---|--------------------|
| APELIDOS | NOME | NIF |
| PASAPORTE | CIDADE DE RESIDENCIA | CÓDIGO POSTAL |
| ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR) | TELÉFONO | DATA DE NACEMENTO |
| PROVINCIA DE NACEMENTO | CONCELLO DE NACEMENTO | PAÍS DE NACEMENTO |
| NACIONALIDADE | COBERTURA MÉDICA QUE POSÚE (INDICAR O NOME) | CORREO ELECTRÓNICO |

- SE PRESENTA SOLICITUDE POLO ARTIGO 2.1 DAS BASES REGULADORAS, SINALE A DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA PARA ACREDITAR A CONDICIÓN DE EMIGRANTE DE ORIXE GALEGA:
- PASAPORTE ESPAÑOL EN VIGOR EN QUE CONSTE A DILIXENCIA DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE MATRÍCULA CONSULAR.
 - CERTIFICADO DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE MATRÍCULA CONSULAR.
 - DOCUMENTACIÓN OFICIAL QUE ACREDITE O LUGAR DE NACEMENTO EN GALICIA.
 - DOCUMENTACIÓN OFICIAL QUE ACREDITE QUE A ÚLTIMA VECIÑANZA ADMINISTRATIVA EN ESPAÑA FOI EN GALICIA.
 - SE PRESENTA DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA ORIXE GALEGA POLO ARTIGO 14.b) 2 DAS BASES REGULADORAS:
 - DOCUMENTACIÓN OFICIAL ACREDITATIVA DE QUE SE ENCONTRA VINCULADO CON CALQUERA CONCELLO GALEGO NO CENSO ELECTORAL DE RESIDENTES AUSENTES E DOCUMENTACIÓN QUE ACREDITE QUE É DESCENDENTE ATA O SEGUNDO GRAO DE CONSANGUINIDADE DUNHA DAS PERSOAS DESCRITAS NO ARTIGO 14.b) 1 DAS BASES REGULADORAS.
 - SE PRESENTA SOLICITUDE POLO ARTIGO 2.2 DAS BASES REGULADORAS.
 - CERTIFICADO OU ACREDITACIÓN DE TER UN ANO DE RESIDENCIA CONTINUADA EN GALICIA.
 - DOCUMENTACIÓN OFICIAL ACREDITATIVA DE QUE SE ENCONTRA VINCULADO CON CALQUERA CONCELLO GALEGO NO CENSO ELECTORAL DE RESIDENTES AUSENTES E DOCUMENTACIÓN QUE ACREDITE QUE É DESCENDENTE NO SEGUNDO GRAO DE CONSANGUINIDADE DUNHA DAS PERSOAS DESCRITAS NO ARTIGO 14.b) 1 DAS BASES REGULADORAS.
 - SE PRESENTA SOLICITUDE POLO ARTIGO 2.3 DAS BASES REGULADORAS:

NOME E APELIDOS DA PERSOA FALECIDA: _____

DATA DE FALECIMENTO: _____ PARENTESCO CO/COA SOLICITANTE: _____

DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA:

 - CERTIFICADO OU OUTROS DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS DA FILIACIÓN OU MATRIMONIO, PARELLA DE FEITO... CO FALECIDO.
 - DOCUMENTACIÓN CORRESPONDENTE INDICADA PARA O PUNTO 2.1 SE O FALECIDO FOSE EMIGRANTE GALEGO OU FILLO DE EMIGRANTE GALEGO.
 - DOCUMENTACIÓN CORRESPONDENTE INDICADA PARA O PUNTO 2.2 SE O FALECIDO FOSE DESCENDENTE NO SEGUNDO GRAO DE CONSANGUINIDADE DE EMIGRANTE GALEGO.

TIPO DE AXUDA QUE SOLICITA (PODE SOLICITAR UN ÚNICO TIPO DE AXUDA):

- AXUDAS POR ATOPARSE A UNIDADE FAMILIAR EN SITUACIÓN DE PRECARIIDADE (ARTIGO 4 DAS BASES REGULADORAS)
- AXUDAS POR SITUACIÓN DE DEPENDENCIA OU ENFERMIDADE GRAVE DO SOLICITANTE (ARTIGO 5 DAS BASES REGULADORAS)
- AXUDAS POR SITUACIÓN DE DEPENDENCIA OU ENFERMIDADE MOI GRAVE NO SEO DA UNIDADE FAMILIAR (ARTIGO 6 DAS BASES REGULADORAS)

NOME E APELIDOS DA PERSOA CAUSANTE: _____

PARENTESCO CO/COA SOLICITANTE: _____

- AXUDAS POR INVALIDEZ OU ENFERMIDADE PERMANENTE (ARTIGO 7 DAS BASES REGULADORAS)
- AXUDAS PARA A COBERTURA DE MEDICAMENTOS E TRATAMENTOS DE ENFERMIDADES CRÓNICAS OU GRAVES, CANDO TEÑAN UN CUSTO ELEVADO (ARTIGO 8 DAS BASES REGULADORAS)
- AXUDAS PARA AS MULLERES QUE SUFRAN VIOLENCIA DE XÉNERO (ARTIGO 9 DAS BASES REGULADORAS)
- AXUDAS PARA PALIAR UNHA SITUACIÓN DE DESEMPREGO (ARTIGO 10 DAS BASES REGULADORAS)

CVE-DOG: q5q5sg71-kar1-qjn1-g2d6-qcyw1w13o97



DATOS DA UNIDADE ECONÓMICA FAMILIAR

| FAMILIARES QUE CONVIVEN CO/COA SOLICITANTE: | | | | | | |
|---|----------|------|------------|-------|--|-------------|
| | APELIDOS | NOME | PARENTESCO | IDADE | INGRESOS MENSUAIS (MOEDA DO PAÍS) | PROCEDENCIA |
| 1 | | | | | | |
| 2 | | | | | | |
| 3 | | | | | | |
| 4 | | | | | | |
| | | | | | INGRESOS MENSUAIS DO/A SOLICITANTE: | |
| | | | | | TOTAL INGRESOS MENSUAIS DA UNIDADE FAMILIAR: | |

* DEBEN INDICARSE EN PROPORCIÓN MENSUAL OS INGRESOS DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO OU DE PERIODICIDADE NON MENSUAL.
 * SE O SOLICITANTE RESIDE NUN CENTRO ASISTENCIAL OU SIMILAR:
 XUSTIFICANTE DO CUSTO MENSUAL DO CENTRO CUSTO MENSUAL DO CENTRO (MOEDA DO PAÍS):

| PROPIEDADES OU EMPRESAS QUE POSÚEN OS MEMBROS DA UNIDADE ECONÓMICA FAMILIAR, ESPECIFICANDO ENDEREZO (AGÁS A VIVENDA HABITUAL): | | | |
|--|-----------|----------|-----------------------------------|
| | PROPIEDAD | ENDEREZO | VALOR PATRIMONIAL (MOEDA DO PAÍS) |
| 1 | | | |
| 2 | | | |

| PATRIMONIO MOBILIARIO (CAPITAL, ACCIÓNS...) | | VALOR (MOEDA DO PAÍS) |
|---|--|-----------------------|
| | | |
| | | |
| | | |

INDICAR SE NO ANO 2012 FOI BENEFICIARIO/A DA AXUDA ECONÓMICA INDIVIDUAL DA SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN: SI NON
 INDICAR SE NO ANO 2013 É BENEFICIARIO/A DA PRESTACIÓN ECONÓMICA POR ANCIANIDADE DO ESTADO ESPAÑOL: SI NON
 INDICAR SE NA UNIDADE ECONÓMICA FAMILIAR EXISTE MÁIS DUN SOLICITANTE DESTE PROGRAMA DE AX. EC. DO ANO 2013: SI NON

O/a solicitante autoriza a persoa habilitada para o efecto da entidade colaboradora para presentar esta solicitude a través do Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia: para
 Desexa recibir a axuda a través de transferencia bancaria? SI NON En caso afirmativo envíese xustificante bancario.

O/a solicitante presta o seu consentimento para incluír e facer públicos, no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios e no Rexistro Público de Sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.
 Os datos referidos integrarán un ficheiro cuxo responsable será a Consellería de Economía e Facenda, ante quen se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición. Salvo os casos sinalados no artigo 9.4 do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a non autorización da obtención de datos ou a súa publicidade poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, se procede, ao reintegro do importe concedido.
 O solicitante autoriza a Secretaría Xeral da Emigración para que verifique os seus datos de identidade. SI NON
 O solicitante autoriza expresamente a Secretaría Xeral da Emigración no ámbito das súas competencias a ceder os datos persoais a aqueles organismos da Administración xeral do Estado con competencias similares na materia co fin de colaborar no exercicio das funcións que lle sexan propias.
 Así mesmo, o interesado declara que ten autorización das persoas relacionadas dentro da unidade familiar ou como achegados para a cesión dos seus datos persoais á Secretaría Xeral da Emigración co fin de poder xestionar a axuda relativa a esta convocatoria.
 O/a solicitante declara que non solicitou nin lle foron concedidas axudas para a mesma finalidade por ningunha das administracións públicas competentes. SI NON
 Así mesmo, declara estar ao día das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, Administración Tributaria autónoma galega e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social. SI NON
 O/a solicitante **DECLARA BAIXO XURAMENTO/PROMESA** que son certos os datos sinalados nesta solicitude e que reúne todos os requisitos exixidos na convocatoria do programa AXUDAS ECONÓMICAS INDIVIDUAIS 2013.

| | | | | | | | | | |
|--|--|----------|----------------------|---------------------|-----------------|--|-----------------|--|---------------|
| <p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Resolución do 5 de marzo de 2013, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se convoca e se regula o programa de axudas económicas individuais a galegos residentes no exterior para o exercicio 2013.</i></p> <p>SINATURA DO/A SOLICITANTE</p> <p>Lugar e data</p> <p>de de 2013</p> | <p>(Para cubrir pola Administración)</p> <table border="1"> <tr> <td>RECIBIDO</td> <td>NÚMERO DE EXPEDIENTE</td> </tr> <tr> <td>REVISADO E CONFORME</td> <td>DATA DE ENTRADA</td> </tr> <tr> <td></td> <td>DATA DE EFECTOS</td> </tr> <tr> <td></td> <td>DATA DE SAÍDA</td> </tr> </table> | RECIBIDO | NÚMERO DE EXPEDIENTE | REVISADO E CONFORME | DATA DE ENTRADA | | DATA DE EFECTOS | | DATA DE SAÍDA |
| RECIBIDO | NÚMERO DE EXPEDIENTE | | | | | | | | |
| REVISADO E CONFORME | DATA DE ENTRADA | | | | | | | | |
| | DATA DE EFECTOS | | | | | | | | |
| | DATA DE SAÍDA | | | | | | | | |

Secretario xeral da Emigración

CVE-DOG: q5q5sg71-kar1-qjn1-g2d6-qcyw1w13097




ANEXO III

DECLARACIÓN XURADA
 (Para cubrir polas persoas beneficiarias do programa de axudas económicas do ano 2012)

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE, e para os efectos do previsto no artigo 15.2 das bases reguladoras que figuran no anexo I da convocatoria da Secretaría Xeral da Emigración do 5 de marzo de 2013, pola que se establece e se regula o programa de axudas económicas individuais para galegos residentes no exterior para o exercicio 2013, que non variaron as súas circunstancias persoais, familiares, así como as referidas ao patrimonio inmobiliario.

Nome e apelidos e lugar de nacemento dos antepasados do solicitante:



(CUBRIR ATA O EMIGRANTE GALEGO)

Lugar e data

_____ de _____ de 2013

Sinatura do/a solicitante

CVE-DOG: q5q5sg71-kar1-qjn1-g2d6-qcyw1w13o97



ANEXO IV

**SUPOSTOS DE AXUDA:
AXUDAS POR SITUACIÓN DE DEPENDENCIA OU ENFERMIDADE GRAVE
DO SOLICITANTE (ARTIGO 5 DAS BASES REGULADORAS) E AXUDAS POR SITUACIÓN DE DEPENDENCIA
OU ENFERMIDADE MOI GRAVE NO SEO DA UNIDADE FAMILIAR (ARTIGO 6 DAS BASES REGULADORAS)**

CERTIFICADO MÉDICO

| | |
|--|--|
| NOME E APELIDOS DO FACULTATIVO MÉDICO <input style="width: 100%; height: 20px;" type="text"/> | |
| CERTIFICO: QUE EFECTUADO O CORRESPONDENTE RECOÑECEMENTO MÉDICO AO DOENTE NOME E APELIDOS EN MAIÚSCULA <input style="width: 100%; height: 20px;" type="text"/> | |
| INFORMO QUE SE ENCONTRA NA SEGUINTE SITUACIÓN: <input style="width: 100%; height: 20px;" type="text"/> | |
| <p style="text-align: center;">SITUACIÓN DE DEPENDENCIA (*) (SINÁLESE CUN «X» O QUE PROCEDA)</p> <p>1. <input type="checkbox"/> QUE SE ENCONTRA NUNHA SITUACIÓN DE DEPENDENCIA DE CARÁCTER PERMANENTE, QUE PRECISA DA ATENCIÓN DUNHA TERCEIRA PERSOA PARA AS ACTIVIDADES BÁSICAS DA VIDA DIARIA. O SEU GRAO DE DEPENDENCIA É:</p> <p style="margin-left: 20px;"><input type="checkbox"/> ALTO (a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria, varias veces ao día)</p> <p style="margin-left: 20px;"><input type="checkbox"/> MEDIO (a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria, unha vez ao día)</p> <p>2. <input type="checkbox"/> QUE NON SE ENCONTRA NUNHA SITUACIÓN DE DEPENDENCIA DE CARÁCTER PERMANENTE, SEN PRECISAR DA ATENCIÓN DUNHA TERCEIRA PERSOA PARA AS ACTIVIDADES BÁSICAS DA VIDA DIARIA.</p> | <p style="text-align: center;">ENFERMIDADE GRAVE (SINÁLESE CUN «X» O QUE PROCEDA)</p> <p>QUE PADECE AS SEGUINTE ENFERMIDADES:</p> <input style="width: 100%; height: 40px;" type="text"/> <p>CO SEGUINTE TRATAMENTO:</p> <input style="width: 100%; height: 40px;" type="text"/> <p>DEBIDO AO EXPOSTO, O DOENTE PADECE UNHA ENFERMIDADE DE CARÁCTER:</p> <p style="margin-left: 20px;"><input type="checkbox"/> MOI GRAVE <input type="checkbox"/> GRAVE <input type="checkbox"/> LEVE</p> <p>INDICAR SE O/A SOLICITANTE TEN COBERTURA MÉDICA SUFICIENTE PARA O TRATAMENTO DA SÚA DOENZA:</p> <p style="margin-left: 20px;"><input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON</p> |
| DESCRICIÓN DA DEPENDENCIA/ENFERMIDADE, DA SÚA GRAVIDADE E DAS SÚAS CONSECUCENCIAS/LIMITACIÓNS: <input style="width: 100%; height: 40px;" type="text"/> | |
| _____, de _____ de 2013. | |
| SINATURA, Nº DE COLEXIADO E SELO DO FACULTATIVO | |
| SELO DA ENTIDADE <input style="width: 100%; height: 40px;" type="text"/> | REFERENDO DA ENTIDADE MÉDICA GALEGA/ESPAÑOLA <input style="width: 100%; height: 40px;" type="text"/> |

(*) Dependencia: estado de carácter permanente en que se encontran as persoas que, por razóns derivadas da idade, enfermidade ou discapacidade e ligadas á falla ou perda de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisan da atención doutra ou doutras persoas ou axudas importantes para realizar as actividades básicas da vida diaria ou, no caso das persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental, doutros apoios para a súa autonomía persoal. As actividades básicas da vida diaria son as tarefas máis elementais da persoa que lle permiten desenvolverse cun mínimo de autonomía e independencia e que están referidas ao coidado persoal, aos labores domésticos básicos, á mobilidade esencial e ás funcións básicas mentais ou intelectuais.

CVE-DOG: q5q5sg71-kar1-qjn1-g2d6-qcyw1w113o97



ANEXO V

**SUPOSTO DE AXUDA:
AXUDAS POR INVALIDEZ OU ENFERMIDADE PERMANTE (ARTIGO 7 DAS BASES REGULADORAS)
CERTIFICADO MÉDICO**

| | | |
|---|-------|---|
| NOME E APELIDOS DO FACULTATIVO MÉDICO | | |
| | | |
| CERTIFICO: QUE EFECTUADO O CORRESPONDENTE RECOÑECEMENTO MÉDICO AO DOENTE | | |
| NOME E APELIDOS EN MAIÚSCULA | | |
| | | |
| INFORMO QUE PADECE A SEGUINTE INVALIDEZ OU ENFERMIDADE PERMANENTE QUE O INCAPACITA PARA O DESENVOLVEMENTO DA CALQUERA TIPO DE ACTIVIDADE LABORAL (descrición da invalidez ou enfermidade permanente, da súa gravidade e das súas consecuencias ou limitacións): | | |
| | | |
| DEBIDO AO EXPOSTO, O/A DOENTE ENCÓNTRASE NUNHA SITUACIÓN DE: (SINALASE CUN «X» O QUE PROCEDA) | | |
| 1) <input type="checkbox"/> INVALIDEZ QUE O INCAPACITA PARA DESENVOLVER CALQUERA TIPO DE ACTIVIDADE LABORAL. | | |
| 2) <input type="checkbox"/> ENFERMIDADE PERMANENTE QUE O INCAPACITA PARA DESENVOLVER CALQUERA TIPO DE ACTIVIDADE LABORAL. | | |
| 3) <input type="checkbox"/> PODE DESENVOLVER ACTIVIDADES LABORAIS. | | |
| TEN O GRAO DE AUTONOMÍA: (SINALASE CUN «X» O QUE PROCEDA) | | |
| 1) <input type="checkbox"/> AUTOVÁLIDO. | | |
| 2) <input type="checkbox"/> DEPENDENTE DE TERCEIROS PARA AS SÚAS NECESIDADES BÁSICAS. | | |
| _____, de _____ de 2013 | | |
| SINATURA, Nº DE COLEXIADO E SELO DO FACULTATIVO | | |
| SELO DA ENTIDADE | _____ | REFERENDO DA ENTIDADE MÉDICA GALEGA/ESPAÑOLA |



ANEXO VI

**SUPOSTO DE AXUDA:
AXUDAS PARA A COBERTURA DE MEDICAMENTOS E TRATAMENTOS DE ENFERMIDADES CRÓNICAS
OU GRAVES CANDO TEÑAN UN CUSTO ELEVADO (ARTIGO 8 DAS BASES REGULADORAS)****CERTIFICADO MÉDICO**

| NOME E APELIDOS DO FACULTATIVO MÉDICO | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|----------------------|---|------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| <input type="text"/> | | | | | | | | | | | | | | | |
| CERTIFICO: QUE EFECTUADO O CORRESPONDENTE RECOÑECEMENTO MÉDICO AO DOENTE | | | | | | | | | | | | | | | |
| NOME E APELIDOS EN MAIÚSCULA | | | | | | | | | | | | | | | |
| <input type="text"/> | | | | | | | | | | | | | | | |
| INFORMO QUE ESTE AFILIADO TEN A COBERTURA DA SEGUINTE MUTUALIDADE/ENTIDADE SANITARIA: | | | | | | | | | | | | | | | |
| <input type="text"/> | | | | | | | | | | | | | | | |
| PADECE AS SEGUINTE ENFERMIDADES (descrición das enfermidades, da súa gravidade e das súas consecuencias ou limitacións): | | | | | | | | | | | | | | | |
| <input type="text"/> | | | | | | | | | | | | | | | |
| QUE TEÑEN CARÁCTER: <input type="checkbox"/> CRÓNICO <input type="checkbox"/> GRAVE <input type="checkbox"/> TEMPORAL OU NON GRAVE | | | | | | | | | | | | | | | |
| PARA AS CALES NECESITA TOMAR A SEGUINTE MEDICACIÓN: | | | | | | | | | | | | | | | |
| <table border="1"><thead><tr><th>NOME DA MEDICACIÓN</th><th>DOSE</th></tr></thead><tbody><tr><td><input type="text"/></td><td><input type="text"/></td></tr><tr><td><input type="text"/></td><td><input type="text"/></td></tr><tr><td><input type="text"/></td><td><input type="text"/></td></tr><tr><td><input type="text"/></td><td><input type="text"/></td></tr><tr><td><input type="text"/></td><td><input type="text"/></td></tr><tr><td><input type="text"/></td><td><input type="text"/></td></tr></tbody></table> | | NOME DA MEDICACIÓN | DOSE | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| NOME DA MEDICACIÓN | DOSE | | | | | | | | | | | | | | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | | | | | | | | | | | | | | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | | | | | | | | | | | | | | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | | | | | | | | | | | | | | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | | | | | | | | | | | | | | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | | | | | | | | | | | | | | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | | | | | | | | | | | | | | |
| OUTROS TIPOS DE TRATAMENTO NECESARIOS QUE PODEN OCASIONAR CUSTOS AO INTERESADO: | | | | | | | | | | | | | | | |
| <input type="text"/> | | | | | | | | | | | | | | | |
| _____, de _____ de 2013 | | | | | | | | | | | | | | | |
| SIGNATURA, Nº DE COLEXIADO E SELO DO FACULTATIVO | | | | | | | | | | | | | | | |
| SELO DA ENTIDADE | <input type="text"/> | REFERENDO DA ENTIDADE MÉDICA GALEGA/ESPAÑOLA | | | | | | | | | | | | | |



ANEXO VII

SUPOSTO DE AXUDA:
AXUDAS PARA A COBERTURA DE MEDICAMENTOS E TRATAMENTOS DE ENFERMIDADES CRÓNICAS
OU GRAVES CANDO TEÑAN UN CUSTO ELEVADO (ARTIGO 8 DAS BASES REGULADORAS)

XUSTIFICACIÓN DE GASTOS FARMACÉUTICOS

| | |
|---------------------------|--|
| NOME E APELIDOS DO DOENTE | MUTUALIDADE/ENTIDADE SANITARIA DE AFILIACIÓN |
| | |

ORZAMENTO MENSUAL DO TRATAMIENTO FARMACOLÓXICO

| MEDICAMENTOS e mg | CUSTO UNITARIO POR MEDICAMENTO (EN MOEDA DO PAÍS) | CUSTO EFECTIVAMENTE ABOADO POLO USUARIO (EN MOEDA DO PAÍS) (*) | DOSE INDICADA POLO MÉDICO TRATANTE | Nº PASTILLAS POR CAIXA | CUSTO MENSUAL APLICADOS OS DESCONTOS POR MEDICAMENTO (EN MOEDA DO PAÍS) |
|-------------------|---|--|------------------------------------|------------------------|---|
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| TOTAL | | | | | |

(*) Excluídas as achegas de mutuas, seguros...

ESTÁN APLICADOS OS DESCONTOS A QUE TEN DEREITO POR AFILIACIÓN A MUTUALIDADE/ENTIDADE SANITARIA:
 SI NON

SINATURA DO FARMACÉUTICO: _____, de _____ de 2013

SELO (farmacia)

Asdo.: _____

NOME DA ENTIDADE FARMACÉUTICA _____

ENDEREZO DA ENTIDADE FARMACÉUTICA _____

SINATURA DO SOLICITANTE:

Asdo.: _____

CVE-DOG: q5q5sg71-kar1-qjn1-g2d6-qcyw1w13o97

